



I ENCONTRO GALEGO DE CIDADANÍA INCLUSIVA. PARTICIPACIÓN

Data: 10 de abril de 2010.

Lugar: Centro Sociocultural de Fontiñas. Santiago de Compostela.

ANTECEDENTES E FUNDAMENTOS

Este proxecto enmárcase dentro da Estratexia de Inclusión Social Europea, axústase aos temas centrais do Ano Europeo de Loita contra a Pobreza e está directamente relacionado co Encontro Europeo e os Encontros Estatais de Participación das Persoas en Situación de Pobreza e Exclusión organizados pola EAPN Europa e as EAPN estatais, en colaboración coa UE e o MEPSYD no caso de España.

EAPN España é unha rede de ONGs comprometidas pola inclusión social de persoas que sufren pobreza e exclusión social. Actualmente está composta por 16 redes autonómicas e 14 entidades de ámbito estatal, todas elas de carácter non lucrativo.

EAPN Galicia é unha rede de entidades cuxa finalidade é incidir no deseño de novas políticas e prácticas que contribúan á defensa dos dereitos e intereses das persoas en situación ou en risco de pobreza e exclusión social, promovendo cambios que optimicen os procesos de inclusión social en Galicia.

Actualmente forman parte de EAPN GALICIA 14 entidades:

- FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO DE GALICIA
- INSTITUTO GALEGO DE XESTIÓN PARA O TERCEIRO SECTOR (IGAXES3)
- CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)
- EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL GALICIA
- FEDERACIÓN DOWN GALICIA
- CRUZ VERMELLA GALICIA
- FUNDACIÓN MENIÑOS
- GALICIA ACOLLE

- FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES DE ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA (FEAFES GALICIA)
- CARITAS DIOCESANA DE TUI VIGO
- PLATAFORMA POLO EMPREGO
- FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA
- CÁRITAS DIOCESANA DE OURENSE
- ACCEM Galicia

Entre os obxectivos de EAPN Galicia (en sintonía con EAPN Europa e EAPN España) atópase a aposta polo coñecemento e o acceso aos dereitos de todas as persoas, así como pola participación das persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social e o debate informado, co obxectivo final do emponderamento das persoas.

OBXECTIVOS

A situación actual de crise, así como a redefinición da política social europea unha vez constatada a imposibilidade de acadar os obxectivos establecidos pola estratexia de Lisboa, fan a participación de todos unha obriga maior.

O obxectivo principal deste encontro é o de **construír un espazo** no cal se leve a cabo un intercambio de experiencias, opinións e reflexións que permitan situar a **persoa e a súa participación no centro da acción pola inclusión.**

Outro obxectivo fundamental é que este encontro é que contribúa ao emponderamento dos que participan coma cidadáns e cidadás, apoiando as súas capacidades para comprender, organizar e reconducir as dificultades e problemas polos que atravesan.

Son obxectivos específicos:

- Visibilizar e expresar as problemáticas e propostas das persoas en situación de risco ou exclusión social dende a súa propia visión e trasladalas ás autoridades responsables e representantes políticos.
- Potenciar un tecido de relacións e rede que favoreza os seus procesos de emponderamento e inclusión na sociedade.
- Coñecer, formarse e capacitarse sobre Dereitos Fundamentais e o Tratado de Lisboa, dende unha axenda de prioridades establecida polas propias persoas en situación de risco ou exclusión social.
- Fomentar a participación dun grupo de persoas no proceso do Encontro, da EAPN Galicia no Congreso Estatal de Participación e na propia estrutura de EAPN España.

METODOLOXÍA

O Encontro desenvolverase polo tanto coa idea base do protagonismo das persoas en situación ou risco de exclusión social.

As entidades participantes seleccionarán dúas persoas de entre os colectivos cos que traballan para participar neste Encontro. Estas dúas persoas acudirán ao encontro acompañadas dun técnico da propia entidade. As entidades realizarán un traballo previo de preparación dos temas a debate cos participantes ou cun conxunto de persoas que serán representadas polas persoas seleccionadas.

Os temas de debate foron seleccionados do catálogo de dereitos da Unión Europea, proposto pola Organización do Encontro estatal de Participación que se celebrará en Madrid en xuño de 2010.



O Grupo Axenda 2010/Participación seleccionou para o encontro en Galicia o traballo sobre os seguintes dereitos:

Igualdade: Igualdade ante a lei, non discriminación, diversidade cultural, relixiosa e lingüística, igualdade entre homes e mulleres, dereitos do menor, dereitos das persoas maiores, integración de persoas discapacitadas

Cidadanía: Dereito a ser elector e elixible nas eleccións ao Parlamento Europeo, dereito a ser elector e elixible ás eleccións municipais, dereito a unha boa administración, dereito de acceso aos documentos, Defensor do Pobo, dereito de petición, liberdade de circulación e residencia, protección diplomática e consular.